



VINCIBOT +8

MatataCode (Vincibot) é unha plataforma de aprendizaxe de programación para nen@s **multiplataforma**;

Tabletas ANDROID (apk ou play
S.O Android 8 ou superior.
Compatibilidade limitada en
teléfonos
Pantalla, mínimo 7 pulgadas
Memoria 8MB de RAM
Almacenamento dispoñible 200MB



store)



IOS

SO 13 ou posterior
Recomendable IPAD, compatibilidade limitada nos Iphone
Almacenamento dispoñible 200MB



Aplicacións de escritorio tanto para Windows coma Apple





A caixa inclúe:

- VinciBot
- Control remoto
- Libro de desafíos
- Guía do usuario
- Cable USB-C
- Plano dobre cara
- Rotulador
- Libros de actividades

CARACTERÍSTICAS

- Matriz de LED (128 LEDs brancos que poden amosar imaxes, números e letras, etc.)
- 6 LED RGB programables
- Altosfalantes (Inclúe 21 sons de instrumentos musicais e permite cargar formatos como wav, mp3, etc.)
- Comunicación por infravermellos (1 transmisor, 2 receptores)
- Sensor de luz
- Sensor de son con recoñecemento de voz
- Segue-liñas de 5 vías
- Sensor de cor
- Botón programable
- Sensor de alcance/obstáculos ToF LiDAR (Visión Artificial de profundidade con rango de medición 0.02~3 m)
- Conexión inalámbrica Bluetooth e Wi-Fi ou vía cable USB-C
- Almacenamento USB/USB CDC
- Batería de litio recargable de 1500 mAH (2 horas de tempo de carga para máis de 4 horas de uso).
- Programación
- **Alcance de Bluetooth:** dentro de 10 m (nun área aberta)
- **Tempo de traballo:** >=4h
- **Armazón do corpo:** material ABS respetuoso co medio ambiente, de acordo con ROHS
- **Dimensións:** 90 x 88 x 59 mm
- **Temperatura de funcionamento:** 0 a 40° C
- **Temperatura de almacenamento:** -10 a +55°C
- **Tempo de carga [vía adaptador 5V/2A]:** 2h

PARTES



COMPOÑENTES

- VinciBot
- Mando de control remoto
- Guía de usuario
- Alfombra de doble cara
- Rotulador lavable
- Cable de carga USB-C




Vincibot x1



Control remoto IR x1



Guía de Usuario x1



Caderno de retos x1



Alfombra de dobre cara x1
(alfombra segueliñas/blanco)



Rotulador Lavable x1



Cable USB-C x1

CONEXIÓN


Podemos conectar o robot por cable USB ao ordenador e tamén por bluetooth.

MODOS

1. **Modo debuxo:** o robot realiza un debuxo automaticamente.



matriz LED en modo Debuxo



Comezar/Parar

2. **Modo control remoto:** co mando incluído na caixa, podemos empregalo para cambiar a velocidade, a dirección do robot ou axustar o volume. Ademais permite controlar o robot sobre unha superficie plana e lisa.



Adiante/Atrás
Esquerda/Dereita




Enviar Mensaxe
1, 2, 3


Volume
 Modo
 Velocidade

Bailar
 Luz
 Música


Matriz LED en modo Control Remoto IR



3. **Modo sigue liñas:** o robot móvese automaticamente sobre unha liña negra.



matriz LED en modo Segueliñas



Comezar/Parar

PROGRAMACIÓN

VinciBot admite codificación baseada en bloques e codificación baseada en texto, o que permite aos nenos aprender facilmente a codificar desde o nivel básico ata o avanzado.

Programación en rede:

Podemos programalo a través dunha aplicación en rede para os ordenadores Edixgal.

<https://vinci.matatastudio.com/>

O robot VinciBot permite executar un programa creado no **software «Matatacode (Vinci)»**, que é unha **versión modificada do programa «Scratch»**. Con el poderemos facer que o robot: avance, retroceda, xire, detecte sons, detecte luz, siga liñas e detecte cores na superficie, faga sonar música ou sons, cambiar a pantalla frontal co debuxo que se queira, cambiar a cor dos leds...

O código pode executarse premendo no botón «play» do software ou directamente nalgúns dos botóns físicos que ten o robot.

Podemos executar os programas en tempo real, ou ben cargarlle o programa para que quede «gardado dentro del» e o execute, sen precisar do programa Matatacode

Descargar o software Matatacode:

Dende a seguinte páxina podemos descargar o software para dispositivos Android ou IOS

<https://vinci.matatastudio.com/static/download.html>